

ESTABA EN  
INFANTIL...  
E AGORA  
VOU PARA  
PRIMARIA!



- ❖ Falarlle da nova etapa resaltando todoo que van aprender con **positividade** e **ilusión**. Por exemplo, as novas materias: mates, lingua, lingua, naturais, sociais, inglés, música, educación física, plástica, relixión ou alternativa.
- ❖ Evitar en todo o que poidades as mensaxes negativas tipo: "Xa verás cando empeces primeiro, vas ver o que é traballar" ou "como non traballes terás que repetir". Este tipo de ameazas empeoran o comportamento e as actitudes dos/as nenos/as.
- ❖ Anticiparlle os acontecementos de maneira realista, por exemplo: van seguir cos mesmos compañeiros/as, van cambiar de titor/a, de mestres/as.
- ❖ Intentar non facer **comentarios negativos** sobre os deberes que comezarán a ter en 1º de primaria.
- ❖ Mamás, papás!! Fundamental estar moi atentos a estes primeiros días de clase, sobre todo aos comentarios e actitudes que van manifestar os vosos/as fillos/as.
- ❖ Na medida do posible tendes que **transmitirilles ilusión**: revisando e forrando os libros e o material para o novo curso, poñerlle etiquetas co seu nome a todo o material, etc.
- ❖ Dende o principio de curso sería fundamental **dedicarlle un tempo diario ao traballo escolar na casa**. Isto é moi positivo para o neno/a e así que teña a sensación de que pode controlar e dominar a situación.
- ❖ A finais de **setembro** ou principios de **outubro** hai unha reunión informativa cas familias para informar do comezo de curso e a organización do grupo.
- ❖ **É de suma importancia que acudades a esta reunión, que vos informedes e propoñades dúbidas que creades convenientes.**

---

- ❖ Este contacto continuo co centro transmítelle os/as nenos/as que os pais estades interesados nos seus estudos.
- ❖ **Debedes ter unha entrevista cos/as titores/as no primeiro trimestre xa que podedes coñecer de primeira man a adaptación do/a voso/a fillo/a a nova etapa.**